



## **Administración: adelgazamento ou anemia?**

# A foto que fala



O disputado voto do señor Cayo [6 de maio, eleccións británicas].

## O trasno

Daniel López Muñoz

### Argumentario de urxencia para xornalistas afectos ao seu amo

(Ou “Escoita rapaz: isto é o que a xente quere oír, va?”)

“Todos os políticos son corruptos.

Todos os xitanos son traficantes.

Todos os curas son pederastas.

Toda a xente nova é adicta (e non ao traballo).

Todos os africanos son infelices e malandros.

Todas as funcionarias son galbanas, loranas, preguiceiras e parasitas (toma!!!) (e os funcionarios, máis).

Todos os inmigrantes son delincuentes e as inmigrantes ti xa sabes.

Todos os homes son machistas e maltratadores (en potencia ou en acto, tanto ten).



Pero todas as feministas son históricas e frustradas.

Todos os nacionalistas están pasados de rosca e imponen o que haxa que imponer.

Todos os cataláns son rañicas, os vascos violentos e os galegos ambiguos.

Todos os conservadores son fascistas e as conservadoras, “marujas” de fascista.

Todos na esquerda son ateos queimacuras.

Todos os sindicalistas son mafiosos.

E todos os empresarios son ladróns de luva branca (ou negra).

Todas as relixións son perigosas.

Todos os idealistas son ilusos.

Todas as fes son falsas.

Toda utopía é baleira.

Toda compaixón é inútil.

Só é certo o mercado, o índice de audiencia, o interese composto e a cota de pantalla”

(Táchese o que non proceda dependendo dos casos e, sobre todo, segundo quen pague)



# Editorial O “adelgazamento” da cousa pública

Os salarios recórtanse (malo), a economía decrece (negativo),... pero a administración pública faise “adelgazar” (ponse en forma para o verán, fáiselle a operación bikini: positivo!!!!).

A operación propagandística está servida. En realidade, as fundacións que se liquidan xa estaban liquidadas, na súa grande maioría, polo goberno anterior. Pouco importa se é a costa, unha vez máis, da imaxe e o prestixio do “público”? Esa é a idea que se transmite e reforza: o público pesa e cómpre perder peso.

## Cómpre un esqueleto público para vertebrar os servizos indispensables para todos

Nada que obxectar á liquidación de chiringos, pero cómpre explicalo doutra maneira. Haberá que falar do sentido que tiñan, da súa eficacia, da súa capacidade ou incapacidade para cumprir obxectivos e, tamén, como non, do seu custo.

Pero que ninguén se engane: unha administración anémica só alegra aos empresarios privados e aos que se poden pagar os servizos básicos por fóra dos sistemas públicos.


Tampouco se poden facer políticas públicas sen instrumentos. Debe construírse un esqueleto público para vertebrar os servizos indispensables para todos. Resulta chamativo que se traslade á xente ese prexuízo do “peso e a necesidade de adelgazar”, cando sabemos que as listas de agarda na Sanidade están maquilladas e non paran de medrar, cando non foi posible aplicar a LOXSE de maneira plena por unha falta de especialistas e educadores especializados para a diversificación curricular.

E, aínda menos, tampouco se defende que, en tempos de crise, con todas as súas consecuencias nos máis débiles, se cuestionen continuamente os servizos sociais que está prestado o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, cun equipo de traballadoras repartido por todo o territorio, toda unha garantía de que tamén nos concellos rurais, as persoas excluídas e dependentes, teñan un apoio equiparable á xente que vive na cidade.

Tampouco hai que esquecer –aviso a navegantes– que, onde máis ten “adelgazado” o Estado (Valencia, Madrid) é onde máis engordou o Gürtel. Ollo ao piollo!

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



O outro día a miña irmá (de “taitantos” anos) contoulle ao meu sobriño (de dez anos) que cando ela era pequena eran moi raros os colexios mixtos e estaban as rapazas nuns e os rapaces noutros.

O meu sobriño abriu os ollos e cheo de asombro preguntou:

E iso por que?

Miña irmá non soubo responder.

Para a meirande parte de nós non é tan lonxano pero si moi inexplicable que aos cativos os separen por sexos nas escolas. Algo que avanzamos. Posiblemente o meu sobriño tarde toda unha vida en entendelo. Dá

gusto pensar que aquilo polo que loitaron educadores e pais/nais ao longo das últimas décadas da nosa historia agora é algo totalmente asumido e superado pola nosa rapazada.

Dándolle voltas a este espontáneo diálogo entre a miña irmá e o seu sobriño quedei durmido e soñei...

... que pasaron trinta anos e o meu sobriño tiña unha fermosa filla de dez anos, e este contoulle que cando era pequeno había pais, nais e profesores que non querían o ensino en galego.

E a rapaza abrirá os ollos e cheo de asombro preguntará...

1



3



2



4



## A peneira

1

Celebramos o día da **NAI**, coas da Praza de Maio de Bos Aires. Unha das fundadoras, Nora Cortiñas, percorre o continente, dende abril de 1977, coa foto do seu fillo Gustavo, desaparecido. O avó, de Celanova, cruzou o océano, escapando da mili. Dirixe unha cátedra de Dereitos Humanos en Honduras, outra fronte de loita, na recuperación da liberdade sen esquecer a busca dos verdadeiros pais de 500 mozos.

2

Marzo foi o mes máis violento da era Calderón. **NOVA GALICIA** (Jalisco), celebra o centenario da revolta co filme *Revolución*, unha denuncia de símbolos impostos -como a bandeira e a cruz- e a inxustiza: 22.743 asasinados polo narcotráfico dende 2006. 5000 inmigrantes mortos na fronteira e 13.000 indocumentados presos nas cadeas de California. A crise do norte está a provocar miseria ao sur do Río Grande, porque o PIB medraba coas remesas dos emigrantes.

3

O fotoxornalista do Ferrol, Gabriel Tizón, invadiu a Rúa Real de A Coruña, co rostro das **NAIS** de **ÁFRICA** (Guinea Bissau), as que sosteñen o espírito do seu pobo. Alí, fronte á capital do consumo, onde o comercio rexeita o traballo obrigado do "top manta" transmiten coa súa ollada a loita por erguer as familias e aldeas. Na fachada dos locais da policía de estranxería, clamando polos seus dereitos.

4

O Orfeón Terra a Nosa, interpreta arestora, o *Réquiem* de Brahms. Fundado no 1966, polo Padre Feijoo, celebramos aquela xeira de compromiso dos franciscanos con Compostela. Coa calma e ledicia da música, lembramos aquel alento de Antonio **PETEIRO**, fundador do albergue e centro social Xoán XXIII -soterrado, o 26, o día da Dolorosa- no seu berce, Mezonzo, coa enerxía do seu veciño, o autor da Salve.

5



6



7



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A Declaración de Lugo contra a droga, tamén coa autoría de Carmen Avendaño, convida a previr nunha loita que vai arrastro. Vimos na TVG, na obra *Heroína* de X. Herrero, interpretada por Aitana Ozores, Carlos Blanco e María Bouzas, a teima de Érguete e **NAIS DE AROUSA**, por dismantelaren a rede, entrando no Pazo de Baión, cunha lei freada polos cartos do narcotráfico, e urxindo a incautación duns bens tinguidos de morte.

6

Co "**CUCO**, cuqueiro", o himno de Manuel María, interpretado por Suso Vaamonde, celme para que moitas/os, no primeiro ensino, se recoñecesen na lingua de seu, comezamos a primavera. Unha ave que aproveita o niño das outras, para deixar o seu ovo, e que lle coiden a cría, ata que poida voar a África e pasar o inverno, despois de atravesar o deserto do Sáhara.

7

A desconxelación do **ÁRTICO** preocupa á mocidade, coma se probou no Encontro de Gandarío de Mozos Investigadores, Luís Freire. A desxeo arrisca a saúde do planeta, que necesita del, para compensar as radiacións. O dano medra pola apertura de rotas de petroleiros. A perda de 100.000 km<sup>2</sup>/ano multiplicouse por 10. Na foto, a alpinista Chus Lago, abrindo a rota ao cumio do continente xeado.

8

**PORTUGAL** celebra o 5 de outubro o centenario da república e fin da monarquía, afondando así na liberdade. A 3ª república principiou coa "Revolución dos Caraveis", cantada por José Afonso. Mentres Estremadura crea vencellos cos irmáns aquí aínda vivimos de costas. *Pradolongo* é a primeira película que pode verse alí en galego; antes eran dobradas. Dos 10.000 obreiros que cruzan o Miño, o 70% teñen contrato irregular.



## Menos Goberno e máis Administración

Segundo se fai máis acentuada a recesión económica que vivimos, máis necesario se fai tamén cavilar nas posibles formas de saír dela. Os distintos gobernos presentan medidas de austeridade como forma principal de combatir a crise. Porén, o recorte de gasto público

superfluos, por que existían? Se non eran indispensables, que sentido tiña utilízalos? Só se poden reducir os gastos de dúas formas: ou comprando menos, ou pagando menos polo que se compra. Se compramos menos, por que antes comprabamos máis? Era ou non era necesario?

verdadeiras necesidades das comenencias económicas é un requisito esencial para que a Administración contribúa a saír da crise. Os responsables políticos deberían preguntarse constantemente: que efecto real teñen na sociedade os euros que gasto?

Vivimos xestionados por gobernos mediáticos, que rara vez se ocupan de poñer sentido á organización administrativa para servir mellor aos cidadáns. Calquera empresa necesita un departamento organizativo e outro comercial. Demasiadas veces a Administración pública desaparece e o Goberno asume única e exclusivamente o departamento comercial, esquecendo que a inercia é tan cómoda como pésima compañeira. O mal gobernante atrapado polo seu gabinete alimenta o estrabismo mediático, e ignora que para que unha máquina funcione realmente ben, debe estar ben engraxada, ben organizada.

Non abonda con gastar menos (porque non se pode gastar o que non se ten): cómpre aumentar a rendibilidade social dunha máquina laberíntica que é lenta, pesada, ineficaz e fundamental para unha sociedade sana e próspera. Necesitamos máis Administración e menos Goberno. Pero, aí!, iso doe.

## non rebaixamos o gasto público para saír da crise, senón porque non temos máis remedio

non é unha solución, senón unha consecuencia da crise. Non rebaixamos o gasto público para saír da crise, senón porque non temos máis remedio. Facer da necesidade virtude é unha hábil estratexia política, pero non aporta as solucións necesarias. Tampouco é moi acertado argumentar simplemente que se reducen os gastos de funcionamento. Porque, se eran

Se pagamos menos, por que antes pagabamos máis? O Goberno vive en gran medida coa ilusión de que todo gasto é bo, porque vai parar sempre a algún cidadán, e por tanto activa a economía. Pero non todos os euros públicos gastados teñen a mesma repercusión na economía. Afinar a utilidade social de cada euro é misión do político; descubrir, elixir e arredar as





# O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Baixo dun castiñeiro e coidando da ría no turno de tarde, boto unha ollada a dous libros sobre dous curas senlleiros: Cuco Ruíz de Cortázar e Moncho Valcarce. Chéganme da man de dous bos amigos, Xaquín de Roca e Tori. O de Cuco é colectivo e publicado pola Asociación de Veciños do Ferrol que leva o seu nome; o de Moncho e unha recompilación de diarios, oracións, pensamentos e testemuños, ademais dos estudos e comentarios de Victorino. Foron dous curas que fixeron historia e agora son historia eles mesmos. Ergueron a súa voz contra a inxustiza, foron detidos, espiados...levaron malleiras das chamadas forzas de orde público que lles crebaron a saúde, mais nunca o espírito. Moita xente lévaos no corazón, e agora a sociedade civil comeza a recoñecer a súa valía, mentres outros gardan silencio. Nunca foron exemplo de cregos como dios manda, quizais de aí o silencio. Nestes tempos en que chove lixo, non será bo volver os ollos cara estas iconas de autenticidade e de servizo? Disque se metían en política. Velaí os títulos que xa o din todo: *Cuco Ruíz de Cortázar, unha voz para un tempo de silencio*; *Moncho Valcarce, un símbolo para Galiza*.

Da outra beira da ría, desde Arousa, chegan os cánticos dos mozos da Pascua Xoven, con eles canta o xenial Luis Guitarra. E se falta a música?, éche o tema de reflexión e traballo deste ano que fai a 37 Pascua, que é moito dicir! Xa haberá algún mozo xubilado, dos que empezaron aló no 1973. Seis faladoiros percorreron distintos ámbitos onde a música é importante: a parroquia, vida, arte, oración e incluso a lingua, pois un dos faladoiros era "Música da Terra e gaitas que falan en galego, maloserá!". Coma sempre o Camiño de Emaús levou aos mozos pascueiros a vivir a asemblea pascual na fermosa igrexa da Nosa Señora da Xunqueira, a casa da nai tamén moza e contenta. A cousa acabou de mañanciña, igualiño que en Xerusalén.



## © CARRABOXO por ROBE LOIS



# Letras galegas



## Ferrín: “Para Novoneyra a poesía era a gran verdade do mundo”

*Xosé Luís Méndez Ferrín, unha das figuras máis destacadas da literatura galega, acaba de iniciar a súa etapa como presidente da Real Academia Galega. Como ensaísta é autor dun libro fundamental nos estudos literarios, De Pondal a Novoneyra, no que estableceu as liñas básicas de estudos posteriores sobre o poeta do Courel. Nesta entrevista achéganos á poética novoneyriana e aos momentos compartidos co que foi o seu compañeiro en momentos políticos e literarios clave na nosa historia recente.*

**P. Como é posible que un rapaz no Courel de 1930 chegase ata onde o fixo Novoneyra?**

R. Porque era un rapaz do Courel moi especial, era un rapaz rico, que estudou bacharelato, que foi ao instituto a Lugo e que tivo moi bos profesores. Logo foi para Madrid, e frecuentou a facultade de Filosofía e Letras, onde asiste ás clases de literatura de Maldonado de Guevara, Morales Oliver... Xente que sabía, e que hoxe vemos como mediocre, pero naquela época de pouco nivel cultural realmente eran importantes. Ademais, alí encóntrase coa Biblioteca Nacional de Madrid, coa Biblioteca da Facultade de Filosofía e Letras na que, cando el era un rapazote, aínda se cheiraba a República: era unha facultade

**P. Que relación tivo en Madrid co grupo Brais Pinto?**

R. Novoneyra chegou a Madrid cando o grupo Brais Pinto estaba disolto, dispersado pola vida. De todas maneiras, mantivo relación cos membros que quedaran alí: por un lado estaba Reimundo Patiño, ao que o unía unha amizade moi profunda, unha identificación dende o punto de vista artístico e ideolóxico moi grande; polo outro, Herminio Barreiro, co cal tamén se identificou de forma moi especial no aspecto político. Hai que ter en conta que Novoneyra non é ese ser anhelical que vibraba coa natureza, unha especie de místico para algúns. Non, Novoneyra era un home con profundo compromiso político persoal, e por esta razón se identificou con eles. Eu coincidín con eles naquela época porque estaba facendo oposicións ao instituto, e tiveron unha etapa en Madrid de novo. Novoneyra tiña unha grande relación connosco, pero tamén con persoas destacadas da esquerda realmente actuante na oposición en Madrid, e con persoas da arte e literatura.

**P. E moitos deles coincidían no Café Gijón, non si?**

R. Si, porque o Café Gijón era unha especie de praza maior na que concurrían xentes da arte e da cultura

## Tiña unha forma de dicir a poesía absolutamente orixinal e inimitable

contruída de forma racionalista durante o período republicano no que aínda sobrevivía a escola de Menéndez Pidal, Dámaso Alonso, Lapesa... Polo tanto, Novoneyra enseguida se encontra con fontes coma a revista Occidente... E os libros, claro: todos os libros en lingua castelá estaban en Madrid.



dos máis diversos tipos. Un podía ter sentado á esquerda a Buero Vallejo, á dereita a Laxeiro e enfronte a Francisco Umbral, que daquela chegaba o Café Gijón, por dicir uns nomes ben coñecidos.

### **P. Cal foi a recepción do libro *Os Eidos* no ano 1955?**

R. Tivo éxi to e foi visto como unha especie de revelación dunha nova xeración poética. Ademais, fíxolle un prólogo Ramón Piñeiro, que era o xefe da fracción política que gobernaba a editorial Galaxia e tamén foi moi ben visto por Ramón Otero Pedrayo, que naquel momento exercía como verdadeiro líder espiritual unha vez morto Castelao. Si, tivo unha magnífica recepción.

### **P. E que lle valoraron?**

R. Coido que a tradición, falsamente, porque el non foi ben lido. Se lle tivesen en conta a ruptura poderíalle ocorrer o lle aconteceu por eses mesmos anos a Gonzalo Rodríguez Mourullo: o grupo Galaxia -encabezado por Carballo Calero neste caso- négalle a validez porque se considera que é un traidor a tradición. No grupo Galaxia eran moi conservadores e Carballo Calero máis. Pero iso non ocorreu e foi celebrado e aceptado.

### **P. Cre que o éxito de *Os eidos* provocou unha visión reduccionista de toda a obra de Novoneyra?**

R. Mira, cando publica *Os eidos* está moi influenciado pola filosofía de Martín Heidegger que el estudara. Novoneyra era un home de pensamento ademais dun poeta, e cría que a través da poesía se podía chegar a un tipo de coñecemento -nese senti-


do foi sempre un pouco heideggeriano. Tamén daquela entra en contacto coa filosofía da saudade de Ramón Piñeiro, de feito hai uns poemas de *Os eidos* que son claramente exemplificacións desa tendencia. Naturalmente, el non permaneceu nesa onda da saudade, senon que estrangulou a saudade como fixemos todos os da nosa xeración e pasou a crer na praxe, na acción. Pero, á parte de *Os eidos*, hai outros momentos de Novoneyra, coma cando en pleno fragor da guerra do Vietnam -que coincide coa aparición na escena política da Unión do Pobo Galego- el escribe o “Vietnam Canto”, e ese é un poema-

## Novoneyra marcou un punto inflexión na historia da poesía galega


manifesto que supón a vacina contra todo reduccionismo: e ese é o Novoneyra político.

### **P. Vostede escribiu un ensaio titulado *De Pondal a Novoneyra*, dous autores que comparten ideas básicas no seu modo de entender a poesía.**

R. Eu quixen poñelos coma dous marcos que supoñen un compromiso político nacional profundo e ao mesmo tempo unha ruptura coa tradición retórica da época. Pondal supón unha ruptura coa poesía decimonónica, e unha presentación en galego da liña parnasiana ou da liña finisecular, un novo esteticismo, pero profundamente nacional. Novoneyra, algo semellante: el con quen rompe é coa poesía política de inspiración españo-



# Letras galegas



lista, a chamada socialrealista, pero non rompe de cara ao esteticismo, senón cara a unha poesía máis política, máis revolucionaria, máis nacionalista. Nese sentido, cada un ao seu xeito, marcan unha inflexión na historia da poesía galega.

**Unha das facetas que sempre se destaca en Novoneyra é a súa capacidade como recitador de poesía propia e allea.**

Si, tiña unha forma de dicir a poesía absolutamente orixinal e inimitable; calquera que o imitase faría o ridículo, porque era enfático, excesivo, buscaba os efectos sonoros e xestuais... Era un magnífico rapsodo e resultaba impresionante oírle dicir o seu repertorio de poesía trobadoresca medieval. Os da nosa xeración coñecemos moi ben a poesía trobarodesca a través da antoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez *Escolma de poesía galega*. Novoneyra fixo a súa propia escolma de poetas e poemas a partir

desa obra, de maneira que hai trobadores que pasaban bastante desapercibidos aos filólogos aos que el sacou do pozo sen fondo dos cancioneros reinterpretándoos coa súa voz.

**P. Novoneyra volvía sempre sobre os seus textos nunha recreación constante. É por esta razón pola que a súa obra non é moi extensa?**

R. Era moi responsable coa súa propia poesía e estaba continuamente remoéndoa. El tiña unha idea da poesía como verdade, a mesma idea que tiña Luís Pimentel: a poesía é a gran verdade do mundo. Era un anti-Pessoa, que sostiña todo o contrario, que un poeta é un finxidor; Novoneyra é dos que crían que un poeta, se é poeta, é verdade. Polo tanto, non pode estar publicando moitos libros porque iso

non ten nada que ver coa poesía. El vai producindo moi lentamente, non ten ansia de publicar libros, nin interese por facer un catálogo de publicacións e, de feito, Novoneyra é autor de moi poucos obras.

**P. Como era Uxío Novoneyra no trato cotián?**

R. Era unha persoa moi confidente, moi intimista no trato, moi agarimoso con todo o mundo... Falaba moito, era un conversador incansable: a nós deunos moitas veces o sol do amencer camiñando por Madrid, por Santiago, por Vigo... Era un home de moitas relacións humanas e con moitos amigos.

## Para unha caixa pequena:

### A obra de Uxío Novoneyra

- Os eidos, 1955.
- Elegías del Caurel y otros poemas, 1966.
- Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas, 1974.
- Poemas califráficos, 1979
- Os eidos. Libro do Courel, 1981.
- Muller pra lonxe, 1987.
- Do Courel a Compostela 1956-1986, 1988.
- O cubil do xabarín, 1990
- Tempo de elexía, 1991.
- Gorgorín e Cabezón, 1992.
- Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras 1994
- Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas, 1998
- Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín, 1998
- Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas , 1999

# UTOPIÍA

---

É curioso como, no nome de Deus, se seguen a matar uns a os outros os seres humanos, se seguen controlando as consciencias da xente e se lles segue a dar penso ideolóxico e dogmático. E é curioso como ningunha das relixións máis representativas e maioritarias ensina aos seres humanos, non xa relixión, senón relixiosidade, sentimento relixioso, que é o que a maioría dos pobos indíxenas manifestan na súa relación coa Terra e os seres e os estares que a poboan.

Sentimento relixioso que nace do máis íntimo dos nosos corazóns e que recoñece en cada expresión da existencia o Espírito Sagrado que a anima. É curioso como pode un, aos cincuenta –despois de moito peregrinar– rematar renegando dun deus imposto e das súas xerarquías e estruturas eclesiásticas... É curioso, digo, como un acaba habitando con Deus no seu corazón, despois de ter sentido, a través desa ponte –o corazón–, o vínculo que o une ao resto do universo...

“Relixión” vén do verbo latino “religo, as, are”, que significa literalmente “religar, volver unir”; logo, a auténtica relixiosidade é esa revinculación coa existencia, o sentimento de non estares separado de todo o demais, o sentimento de sermos un Todo complexa e sabiamente organizado, cunha interdependencia total e absoluta.

E o corazón, metaforicamente, é o espazo onde Deus e o ser humano esvaecen e mestúranse. É aí onde me experimento divino e El (o Absoluto, A Consciencia Suprema, o Gran Espírito, chamádeo como queirades...) experimentase humano.

Así que, se alguén quere traer a Deus que o traia, pero que o traia no corazón, que o comparta, se quere, no contorno no que viva, con humildade, amor e respecto por todo o que existe.

Con agarimo, humildade e respecto.

Un camiñante afortunado.

Epi Laso



# Crónica

Suso Casal

## ASEMBLEA DE CRENTES GALEGOS . “A NOSA VIVENCIA DO SEGUIMENTO DE XESÚS”

O pasado sábado 17 de abril xuntámonos no Centro Xuvenil Don Bosco en Santiago para celebrar a XXIX Asemblea de Crentes Galegos. Nesta ocasión pareceunos oportuno facer xuntos unha reflexión sobre a nosa vivencia do seguimento de Xesús. Nun principio propúxose como tema a “espiritualidade” das nosas comunidades, pero a palabra aparece profundamente desnaturalizada nestes tempos, e optouse polo seguimento de Xesús como expresión máis globalizadora do noso ser cristián e cristiá. Despois de ter abordado nestes anos anteriores outras cuestións máis orientadas cara a fóra agora pretendiamos ollar cara a dentro de nós e das nosas comunidades.

Alí nos reunimos xente de Ferrol, A Coruña, Vigo, Santiago, Moaña, As Pontes, Lugo... Algunhas comunidades participaban por primeira vez, o que nos encheu de satisfacción por poder contar con novas opinións, experiencias, inquietudes e formas de

facer o seguimento de Xesús. Pero tamén foi moi gratificante poder atoparnos e compartir con tantas persoas que levan tanto tempo dando testemuño de compromiso polo Reino e coherencia coas palabras que dicimos e cremos, persoas que para os máis novos supoñen o referente e modelo de cara ao seguimento de Xesús. Neles e nelas faise concreto o que isto significa.

e experiencias de ter unha celebración do que se estaba facendo que non se atopaba noutros sitios (parroquias...). Pasan por distintos momentos ata chegar á situación actual, na que están compartindo unhas celebracións sen a presenza dun crego pero sen renunciar á lembranza do xesto que Cristo nos deixou.

Desde esa experiencia convidáronnos a reflexionar en grupos sobre

### Pretendeuse ollar cara a dentro de nós e das nosas comunidades

A motivación correu por conta do grupo de Somos Igrexa de Santiago. Compartiuse co resto das comunidades a experiencia do grupo de “dispersos”, un encontro que comezou de maneira esporádica e que acabou sendo un espazo de celebración moi especial. Nace da necesidade dun grupo de persoas de distintos grupos

catro aspectos: a nosa vivencia do seguimento de Xesús a nivel persoal, a nosa vivencia do seguimento de Xesús a nivel grupal, as nosas celebracións e a nosa relación coa sociedade civil, movementos sociais e formas de loitar por un mundo máis xusto.







### Un traballo moi frutífero

Tentarei resumir o que se dixo nos grupos, que foi moito e moi valioso. Percibimos que non podemos separar o seguimento persoal do seguimento grupal, e que as nosas comunidades entenden que sen comunidade non pode haber ese seguimento de Xesús. Pódese dicir que a experiencia persoal de Deus descúbrense na experiencia de comunidade. O seguimento de Xesús unifica a vida das persoas e deixa de haber compartimentos, de maneira que todas as dimensións (traballo, familia...) se converten en expresión dese seguimento, que ademais é percibido desde fóra como unha forma distinta de ser cristián.

En todas as comunidades a celebración cobra moita importancia, e a tónica común é que as celebracións que podemos chamar habituais non lles están servindo nin axudando a celebrar a súa vivencia do seguimento de Xesús, o seu compromiso, polo que buscan outras máis vivenciais, participativas e variadas. Están redescubriendo a figura dos santos, como persoas de referencia para as comunidades que senten moi presentes aínda estando ausentes. E experimentan que todo é celebración: a reflexión, o compromiso, compartir a mesa... Celébranse tamén momentos

“laicos” como expresión de ser cristián (día do traballo, da muller traballadora...).

Por último, como expresión de que toda a vida é seguimento e non hai parcelas, non entenden que se poida seguir a Xesús sen dimensión social, un compromiso que cada persoa concreta en ámbitos diferentes. Así entenden que o seguimento persoal vai unido ao seguimento comunitario e non pode darse sen compromiso so-

cial, e todo iso hai que celebralo. Só se celebra o que se vive; se non se vive nada non hai nada que celebrar. Por outro lado na acción atópanse con outras persoas que ven unha forma distinta de ser cristiáns, e consideran moi importante que así sexa.

### Un momento para a celebración

No xantar compartido fíxose visible unha vez máis o da multiplicación, e

rematamos o día con un momento en torno ao pan e o viño seguindo o modelo das celebracións dos “dispersos”. O texto de Emaús serviunos de guía para pensar cando nos sentimos desanimados, cales son as nosas esperanzas e a onde temos que volver, lembramos xuntos o xesto da entrega de Xesús e compartimos os momentos nos que percibimos que Cristo está resucitando. Iso si; temos que mellorar no aspecto cancioneril.

## As celebracións tradicionais non lles están servindo nin axudando aos diferntes grupos a celebrar a súa vivencia do seguimento de Xesús

Así pasou o día. Quedamos emprazados “de hoxe nun ano” facendo un chamamento a máis grupos e comunidades que se nos unan, sobre todo persoas “menos adultas” que sabemos teñen as mesmas inquietudes e entenden da mesma maneira o seguimento de Xesús.

# O noso taboleiro

## PEREGRINACIÓN A SANTIAGO COA REIVINDICACIÓN PACÍFICA DUN PÁRROCO TITULAR PARA AGUIÑO

A asociación “Francisco Lorenzo Mariño” de Aguiño está a organizar con motivo do ano santo 2010, unha peregrinación xacobeá pola Ruta do mar de Arousa e río Ulla que terá lugar o sábado 5 de xuño dende as 08:15 ata as 22:00 h.

Segundo nos informa Unai González (presidente da asociación) “desta maneira pacífica e creativa, sen ánimo de ferir a ningún nin ocasionar polémica, queremos seguir reivindicando a nosa demanda (que levamos facendo dende 2006, data na que marchou o segundo párroco titular de Aguiño, Álvaro Barros) do nomeamento dun párroco titular para Aguiño. Seguimos a estar rexidos a nivel parroquial por un administrador axudado de dous sacerdotes, aos que agradecemos sinceramente a súa labor; pero consideramos insuficiente para o traballo pastoral, parroquial e social que necesita un pobo como o noso. Realizamos esta demanda en numerosas ocasións, tanto no acto institucional do 9 de maio de 2009 (de conmemoración do 50 aniversario da parroquia), como na XXXII Romaxe de Crentes Galegos (o 12 de setembro de 2009 en Aguiño) ou na propia publicación que realizamos o pasado ano. Tamén, mediante carta e persoalmente llo fixemos saber ao sr. arcebispo Xulián Barrio. El constestou que están estudando todas as posibilidades (aínda que sabemos que o levan facendo dende que en xaneiro de 2004 finou don Francisco, nomeando provisionalmente a

Álvaro Barros de outubro de 2004 a setembro de 2006) e seguimos á espera da resolución desta demanda humilde, sincera e xusta que secunda toda a comunidade parroquial de Aguiño e por extensión os máis de 3.000 veciños/as do pobo).

**PEREGRINACIÓN XACOBEO 2010**  
**AGUIÑO-SANTIAGO**  
Sábado 5 de xuño de 2010

**Programa**

- 08:15 h Saída de Ribeira en catamarán (da explanada das rochas xunto ao Clube Náutico)
- Degustación de Maxilóns e Viño Branco a bordo (ruta pola Ruta do mar de Arousa e río Ulla)
- 11:00 h Chegada a Cesures-Padrón
- 11:15 h Visita a Padrón (Fonte do Carmo, Igrexa Parroquial e Padrón, Colexio de Iria Flavia...)
- 12:00 h Camiñata
- 15:00 h Xantar compartido
- 16:00 h Camiñata
- 19:00 h Chegada ao Obradoiro
- 19:30 h Misa do Peregrino na Catedral
- 21:00 h Regreso en autobús (dende a dársena Xeon XXXII)

**Prezo por persoa: 15 €**  
(o custo total do viaxe é 21 €, a Asociación suporta o 50%)

**Entregarase CARTA DE PEDRONÍA**  
(mediante de realizar o Camiño de Santiago visitando Padrón)

Cada participante terá como agasallo un Chaleco reflectante e unha Goera serigrafada.

**Nota:** Haberá 50 (50 prazos) de Cesures a Santiago para os/as que non poidan camiñar todo o percorrido.

\* Terán prioridade os/as socios/as da entidade, o resto será por orde de inscrición até 110 prazos.

**Información e inscricións:**  
Asociación Francisco Lorenzo Mariño  
981 840513 – 981 841260 – 981 841105  
www.aaufm.com – aaufm@wanadoo.com

**IRIMIA**

**Administración:**  
adelgazamento ou anemia?

**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Linares Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

**SUBSCRICIÓN:** ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**



# Boa Nova



OE  
CO

Moi bo estudante, licénciase en teoloxía sendo dos mellores do seu curso. Seguramente animado polos seus profesores, profunda os seus estudos nun tema sisudo até conseguir doutorarse *cum laude* nunha universidade de prestixio. E de aí a ampliar os seus coñecementos noutras universidades, até volver á diocese de orixe (ou mesmo Roma), onde iniciar un consistente traballo como profesor e reitor. E unha vez aí, camiño directo a un bispado e se a prudencia e a saúde acompañan, unha carreira eclesiástica que quen sabe onde acabará. Este perfil, que ben pode corresponder ao último bispo en tomar posesión na nosa terra, así como do papa Bieito, é o mapa de méritos da nosa xerarquía eclesiástica. Non teñamos dúbida, nunca tivemos unha xerarquía tan formada, tan titulada. Hoxe xa ninguén ten dúbida do dominio da ortodoxia, o que moitos se cuestionan é da ortopraxe. E que se nos descoidamos, seremos unha Igrexa que fale de oídas.

José A. Martínez

## DOMINGO 9 DE MAIO. 6º DOMINGO DE PASCUA

Xn 14, 23-29

Naquel tempo, díxolle Xesús aos seus discípulos: “Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amara, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou. Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen. Déixovos a paz, douvos a miña paz: eu non vola dou coma a mundo a dá. Non vos angustiedes, nin teñades medo. Oístes que vos dixen “voume e logo volvo onda vós”. Se me amasedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min. Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que, cando suceda, creades”.

### Para que cando suceda creades (Xn 14, 29)

Hoxe, como é típico do autor do evanxeo de Xoán, o relato sitúanos nunha atmosfera chea de simbolismo e fondura. Neste anaco do longo discurso de Xesús na derradeira cea, destácanse tres palabras: amor (14, 24), espírito (14, 26) e paz (14, 27), sostidas nunha soa experiencia a fe (14, 29).

Os Evanxeos son ante todo propostas de discipulado, miradas a vida de Xesús que queren orientar o seguimento. No caso de Xoán o fío que esta a artellar a súa obra e a fe, pero non unha fe doutrinal, senón unha fe experiencial. Unha fe que, como se resume maxistralmente neste texto, brota da confianza: “Non teñades medo”, unha fe que brota do amor: “*Quen me ama garda as miñas palabras*” e unha fe que se deixa soste na forza do espírito: “*el traeravos á memoria canto os dixen*”.

Así, o camiñar crente, no medio da historia, como lles pasaba as comunidades herdeiras da testemuña xoánica, pode atopar nestes recordos do mestre un lugar onde soste a súa esperanza, nos momentos difíciles e unha voz coa que cantar a súa ledicia e a súa paixón nos bos momentos de cada día.

Con este texto de Xoán facemos hoxe unha vez mais memoria da nosa herdanza de fe e esperanza. A fondura vivida na derradeira cea co mestre, non estaba no que quedaba atrás, senón no que estaba por vir, nesa aventura que trala Pascua os compañeiros e compañeiras de Xesús tiveron a ousadía de afrontar. E alí, souberon que merecía a pena crer. E hoxe testemuñas somos desa aventura.

Carme Soto

A PALABRA

A CLAVE



# Falando da lingua RECORDANDO...

Lidia e Valentina



Mirade que criatura, da gloria velo!

Que “recordar” significa traer, conservar na memoria, lembrar, acordar, xa o sabíamos, pero, polo menos nós, o que non tiñamos tan presente é que esta palabra ó estar constituída a partir de re-, prefixo latino que significa “repetición” e de *CORDARI*, derivado do latín *COR*, “corazón”; outra maneira de definila é “volver a pasar polo corazón”; grazas Rubén Aramburu! Que doce, que fermosa verba! Iso é o que facemos nós un e outro día na nosa sección, volver a pasar polos nosos corazóns cousiñas e máis cousiñas, compartilas con vós e así contribuír a que non se perdan no esquecemento.

Así é que nos gusta recordarvos que se tedes que dicir en galego aquilo do castelán de que agora son eles os que “teñen o mando e o pau”, debedes recorrer a que son eles os que *teñen a vara e maila besta* ou os que *teñen a forca e mailo coitelo*. E se de verdade pensades que en boas mans está o pandeiro!, sabede que tamén podedes dicir aquilo de *andan ben guiadas as pistolas nas mans dos rapaces!* Porque ben é certo que *son máis menteiros ca un troiteiro*, *ser son dos da buxa frouxa*, dos que *non lles caben as mentiras na boca*, dos que *por cada*

*cousa certa que din cáelles un ollo, e aínda teñen os dous*, vamos, que en castelán “mienten más que hablan”.

E se vos parece que os nosos e os vosos esforzos van ser inútiles, que non van valer para nada, non digades que vai ser como arar no mar, nós temos formas máis enxebres do tipo *ser coma poñer o can a gradar*, ou *coma apañar auga na peneira*, ou *escribir na auga* ou *botarlles millo ós paxaros* ou *coller auga nun cesto* ou *facer regos na auga*, para dicir o mesmo. Que ben é certo que nós e mais vós habemos facer todo non \*ás mil maravillas, senón que *ha dar xenio e gloria velo*.

Parece que está claro que nós con estes non é que “no hagamos buenas migas”; o que non facemos é bo pan, nin bo caldo, nin bo xugo, non axugamos, non, con estes non facemos ruiro nin xeira, non van no noso carro á misa...

Non perdades a calma, ho, que *nunca choveu que non escampase e tras de maio vén san Xoán e tras da néboa, o sol*.

Deixade que digan, *o falar non ten cancelas*.

## O Fachineiro da lingua

### Galicia sen galego?

De todo o que vén acontecendo no último ano, de toda a enxurrada de odio que algúns e algunhas queren verter sobre a lingua galega só hai unha cousa positiva: a concienciación que esta situación pode provocar nunha parte da poboación e a reafirmación daqueles e daquelas xa conscientes da necesaria loita cotiá por vivirmos en galego. O proceso de substitución lingüística sempre estivo aí; os prexuízos, polo que se ve, tamén. As nosas palabras han ter futuro se nós queremos que o teña. Se non for así, a alguén lle interesa unha



Galicia sen galego? É algo Galicia sen a lingua? O outro día a volta ciclista a Castela e León rematou en Santiago. Non sei se é un signo dos tempos, pero en calquera caso, se un día a nosa lingua non se escoitase por estas terras a este fachineiro tanto lle tería a anexión á autonomía veciña. E el volveremos a estar representados por Zamora, coma nos Séculos Escuros? Para saber máis e non chegar a estes extremos, aquí está o libro de Manuel Núñez Singala *En galego, por que non?*, unha ferramenta máis contra as malas linguas.

A. Q.